

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva do Regulamento de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros

A N U N C I O

O Pleno municipal, na súa sesión celebrada o día 27 de novembro do 2014, acordou a aprobación inicial do “REGULAMENTO DE MEDIDAS POLA INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE OLEIROS”. De conformidade co establecido no artigo 65.2 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días contados a partir do seguinte da súa publicación (BOP 245 de 23-12-2014) para a presentación de alegacións. Transcorrido o antedito prazo e presentadas alegacións que foron resoltas polo Concello Pleno na sesión do día 26 de febreiro de 2015, na cal foi definitivamente aprobado o texto definitivo, se procede a publicación íntegra do “REGULAMENTO DE MEDIDAS POLA INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE OLEIROS” para a súa entrada en vigor:

“REGULAMENTO DE MEDIDAS POLA INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE OLEIROS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na última década a sociedade experimentou un grave deterioro no seu nivel de benestar como consecuencia da grave crise económica, da falla do emprego e do deterioro das condicións laborais, da perda de capacidade adquisitiva incluso das persoas que traballan, do deterioro no estado de saúde e nas condicións de acceso ao sistema sanitario, das limitacións e retrasos na tramitacións de prestacións periódicas que garantan á cidadanía a cobertura das necesidades básicas... houbo un empobrecemento en xeral do país.

O papel que xogan os concellos neste contexto variou tamén de forma notable por dous motivos principais. Por un lado é a única administración que ten a capacidade de flexibilizar a súa actuación para dar unha resposta rápida e urxente ás necesidades da súa poboación, evolucionando nos últimos anos cara a atencións máis asistenciais dirixidas a apoiar á poboación na cobertura das súas necesidades básicas.

Por outra banda, o cambio no marco legislativo limita ás funcións dos servizos sociais comunitarios, pretendendo reducir o seu enfoque a esta liña asistencialista que, sendo necesaria, non pode ser a única para poder desenvolver uns servizos sociais dirixidos a resolver problemas urxentes pero, á vez, orientados a buscar solucións e alternativas de futuro garantindo a igualdade e a xustiza social, nun marco de normalidade e de inclusión.

A día de hoxe, e ata finais de 2015, a situación dos servizos sociais comunitarios segue pendente de resolverse de forma estable, atopándonos nun período de transición normativa, que deixa numerosas dúbidas e incertezas.

Non obstante, dende os Servizos Sociais Comunitarios e, en concreto, dende os do Concello de Oleiros, temos a responsabilidade de traballar e organizar os nosos recursos cunha perspectiva máis ampla e a longo prazo, moito máis aló dese horizonte de decembro de 2015.

É por iso que existe a necesidade de reformular novamente o actual regulamento de medidas contra a exclusión social, dándolle un novo enfoque en positivo “pola inclusión”, reformando e adaptando as medidas que hai na actualidade ao novo contexto socioeconómico que hai no país e potenciando e incrementando todas estas medidas necesarias para unha maior e necesaria cohesión social. Ademais, deixa a porta aberta a novas medidas que se poidan ir engadindo dende servizos sociais ou outras concellerías e que teñan o mesmo fin.

Este regulamento foi creado por primeira vez no ano 1999, modificado parcialmente no ano 2004 e 2005, posteriormente, no ano 2010, foi reformado integralmente e agora, so catro anos despois, os fortes cambios experimentados en tan período curto de tempo, fan necesaria unha nova reforma que debido ao seu enfoque e á cambios na maioría das medidas, así como para unha maior comodidade na súa aplicación, aconsellan a aprobación dun novo texto máis que a modificación puntual dalgúns artigos.

No marco legislativo xeral e no específico dos servizos sociais existen numerosas referencias que confiren aos concellos a potestade para establecer e regular este tipo de recursos. As principais referencias neste sentido podemos atopalas nas seguintes normativas:

- Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, artigo 9, no que modifica os seguintes artigos da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local
 - Artigo 25, quedando da seguinte forma o artigo 25.2. e) “O municipio exercerá, en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, nas seguintes materias:... e) “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social”
 - Artigo 26, quedando da seguinte forma o artigo 26.1. c: “Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: ... c) “Nos municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación o risco de exclusión social...”
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: onde recolle competencias, funcións y actuacións previstas no marco da lei dende os servizos sociais comunitarios.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento: amplía o recollido na lei de servizos sociais no que aos servizos sociais comunitarios se refire.

TÍTULO PRELIMINAR

Artigo 1.

O presente regulamento ten como obxecto o desenvolvemento dun conxunto de prestacións, axudas e actuacións dirixidas a favorecer a inclusión das persoas, corrixir as desigualdades, colaborar na cobertura das súas necesidades básicas e evitar situacións de exclusión, desde unha perspectiva normalizadora, no ámbito do Concello de Oleiros.

Artigo 2.

As axudas que configuran as medidas pola inclusión social son:

- a) Prestacións de emerxencia social
- b) Bonos de alimentos
- c) Bonos de farmacia
- d) Prestacións de apoio á escolarización
- e) Redución nos prezos públicos de actividades municipais
- f) Campaña de Nadal
- g) Banco Solidario

Artigo 3.

As medidas pola inclusión social están dirixidas a todas aquelas persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica tal, que lles dificulte ou imposibilite a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas que compre cubrir de forma urxente.

Considerarase unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio. Non poderán ser beneficiarios da mesma prestación dúas persoas da mesma unidade de convivencia. Serán unidades de convivencia independentes, aínda que vivan no mesmo domicilio, nos casos seguintes:

- Cando nunha unidade existan persoas con menores a cargo.
- A constituída por persoas, con ou sen fillos, que se atopen en proceso ou situación de nulidade, divorcio ou separación legal, ou de cese acreditado de relación análoga á conxugal.
- Aquelas persoas que vivan no mesmo domicilio sempre e cando no teñan ningún vínculo de parentesco nin de relación análoga á conxugal.
- Aquela unidade de convivencia independente que por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento se vexa obrigada a residir con outra.

– Excepcionalmente, aqueles outros casos nos que exista unha recomendación dos servizos sociais para recoñecelas como tal.

Artigo 4.

Os requisitos xerais para ter dereito a estes recursos son os seguintes:

a) Ter residencia efectiva e estar de alta no Padrón Municipal do Concello de Oleiros cunha antigüidade mínima de catro meses.

Poderá exceptuarse de este requisito cando así se valore por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais de acordo á gravidade ou ao sobrevenida da súa situación. Esta excepcionalidade deberá estar recollida expresamente e razoada no informe social que se elabore para acceder ao recurso.

b) Acreditar a situación económica e familiar que da acceso a cada un dos recursos, así como colaborar á hora de proporcionar a información e a documentación necesaria para poder valorala.

c) Non superar a suma de ingresos de todos os membros da unidade familiar o límite establecido para cada un dos recursos. Da suma de todos estes ingresos se poderá descontar ata un máximo de 400 € en concepto de gastos ocasionados polo aluguer ou pago da hipoteca da vivenda habitual. Os límites para ter acceso aos recursos se actualizarán automaticamente na medida en que o fagan aos que fan referencia.

Computarán como ingresos da unidade familiar todos aqueles ingresos netos que existan na unidade de convivencia en concepto de rendas, retribucións, pensións, prestacións... Agás aqueles que teñan un carácter finalista e a prestación familiar por fillo menor de 18 anos a cargo da Seguridade Social.

d) Con carácter xeral non ter débedas coa Facenda Local. As persoas beneficiarias poderán quedar exonerados do cumprimento desta obriga á que fai referencia o artigo 13.2 da Ley General de Subvenciones, polas especiais circunstancias de emerxencia e/o necesidade social que motivan o dereito a acceder a estas axudas dirixidas a cubrir necesidades básicas e, sempre e cando, esté debidamente acreditada a imposibilidade de asumila polas circunstancias que concorren en cada caso. Esta exención deberá constar no informe de valoración.

e) Presentar a solicitude no modelo normalizado e na forma que se establece no presente regulamento.

Artigo 5.

Con carácter xeral a documentación que hai que presentar, xunto coa solicitude, para acceder aos recursos recollidos no presente regulamento é a seguinte:

a) Fotocopia do documento de identidade, permiso de residencia ou pasaporte (no caso de non ter ningún dos dous primeiros) de todos os membros da unidade familiar.

b) Fotocopia do libro de familia ou documento análogo no suposto de non telo (acta ou partida de nacemento).

c) Xustificación da situación económica de todos os maiores de 18 anos da unidade familiar:

– Se está en situación de desemprego (fotocopia da tarxeta de demanda de emprego e certificado do Instituto Nacional de Empleo no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego). Se estivo en activo nalgún dos seis últimos meses deberá presentar as nóminas xustificativas dos ingresos percibidos pola súa actividade laboral nese período.

– Se está en activo (copia das seis últimas nóminas).

– No suposto de que pola súa situación administrativa algunha persoa non poida presentar ningún destes documentos deberá achegar unha declaración xurada no que indique se realiza algunha actividade ou non e cales son os seus ingresos.

d) Declaración responsable de calquera outro tipo de ingresos que exista na unidade familiar.

e) Copia do contrato de aluguer ou o último recibo do IBI, así como o último xustificante do pago, do aluguer ou da hipoteca, de ser o caso.

f) Calquera outra documentación que se valore necesaria para poder valorar a situación de necesidade por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, como por exemplo a declaración do IRPF, extracto das contas bancarias, convenios reguladores...

g) Volante de convivencia (achegarao de oficio o Concello de Oleiros).

Artigo 6.

Á tramitación e resolución xeral das ditas axudas seguirá o seguinte procedemento:

a) Presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Oleiros, no modelo normalizado que exista no Departamento de Servizos Sociais xunto coa documentación recollida no presente regulamento.

b) Revisión da solicitude e da documentación por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais. No suposto de que a documentación estivese incompleta, requiriráselle á persoa solicitante polo medio máis axeitado para poder resolver no prazo de 20 días a solicitude.

c) Con carácter xeral, realizarase visita domiciliaria por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais para valorar in situ a situación de necesidade.

d) Elaboración dun informe social no que se recollan as circunstancias sociofamiliares e económicas da unidade familiar, así como os datos da vivenda, a situación de necesidade e calquera outro dato que se considere de interese. Finalmente deberá tamén recoller unha valoración profesional e a proposta de resolución.

e) Resolución ditada polo/a concelleiro/a competente. No suposto de ditarse unha resolución negativa deberá recollese o motivo de denegación.

Artigo 7.

O falseamento, ocultación ou terxiversación de datos relacionados ao expediente de solicitude dará lugar á denegación ou anulación da prestación que se estea a tramitar ou que se lle concedera.

Artigo 8.

A concesión das prestacións recollidas no presente regulamento está suxeita á existencia de orzamento na contas xerais do Concello de Oleiros.

Artigo 9.

Garántase a confidencialidade dos datos obtidos na tramitación dos expedientes de conformidade coa lexislación vixente.

Artigo 10.

Para os efectos da tramitación dos recursos recollidos no presente regulamento considérase como unidade de convivencia a todas aquelas persoas que convivan nun mesmo domicilio. A valoración do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros consideraranse como unidades de convivencia independentes, as definidas como tales no artigo 3. En todo caso deberá estar acreditada a situación económica de todas as persoas, aínda que non se teña en conta para a determinación dos ingresos dispoñibles por parte da unidade de convivencia beneficiaria.

TÍTULO PRIMEIRO: DAS PRESTACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL

Artigo 11.

As prestacións de emerxencia social, son prestacións económicas non periódicas de carácter extraordinario e de pagamento único, cun carácter finalista, dirixidas a paliar situacións carenciais graves e urxentes relacionadas coa cobertura de necesidades básicas que non é posible resolver mediante a tramitación de outras axudas ou prestacións.

En relación con estas prestacións enténdense por necesidades básicas:

- A relacionadas coa vivenda (alugueiro ou hipoteca, equipamento ou mobiliario básico, garantir a salubridade, débedas de suministros...).
- As de alimentación ou vestido.
- Os desprazamentos encamiñados a reinserción social ou laboral ou por motivos académicos formativos.
- Procurar aloxamento ou manutención con carácter temporal.
- Calquera outra situación que, a valoración do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, se considere que encaixa no obxecto destas prestacións e se valoran necesarias para apoiar unha intervención social, realizada coa persoa ou unidade familiar beneficiaria.

Son compatibles con calquera outra prestación, axuda ou pensión pública da que sexan titulares ou puideran ser persoas beneficiarias.

Artigo 12.

O importe máximo anual do conxunto das axudas solicitadas será de 800€, podendo, solicitarse en varias ocasións sempre e cando non se supere o dito importe no ano natural.

Excepcionalmente e de forma extraordinaria poderase superar o importe máximo anual establecido, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a xuízo do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais. A dita excepcionalidade deberá quedar claramente acreditada no informe de valoración explicando pormenorizadamente os motivos aos que se debe a excepcionalidade.

Artigo 13.

Ademais dos requisitos xerais, deberánse cumprir os seguintes requisitos específicos:

- Non ser beneficiario, ningún membro da unidade familiar, doutra prestación de emerxencia social municipal do ano natural en curso.
- Non superar o límite de ingresos mensual establecido para estas axudas, unha vez descontados os gastos para aluguer ou pagamento de hipoteca da vivenda habitual nun máximo de 400 €.

Artigo 14.

O límite de ingresos mensual será o mesmo que o utilizado para conceder o 80% da cuantía das axudas de emerxencia social recollidas na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (125% do Subsidio Básico: 399.38 €), unha vez descontados os gastos adicados ao mantemento da vivenda habitual como se recolle no artigo anterior.

Membros unidade familiar	125% Subsidio básico
1	499,22 €
2	592,41 €
3	672,28 €
4	738,85 €
5	805,41 €
6	871,97 €
7	898,60 €

Artigo 15.

O pagamento de estas prestacións farase desde a Intervención Municipal mediante cheques nominativos ou ingreso en conta bancaria dalgún membro da unidade de convivencia, normalmente a persoa solicitante, nun prazo máximo de 20 días, desde que se dite a resolución de concesión. Sempre que sexa posible, a persoa beneficiaria deberá presentar con posterioridade o xustificante conforme a prestación da emerxencia social foi empregada para o fin que se concedeu.

TÍTULO SEGUNDO: DOS BONOS DE ALIMENTOS**Artigo 16.**

Os bonos de alimentos son unha prestación en especie na que as persoas beneficiarias reciben un lote de alimentos, destinados a cubrir as necesidades básicas de alimentación naquelas familias que, pola súa precaria situación económica, teñen especial dificultades en garantilas. Os bonos entregaranse mensualmente, divididos en dúas entregas quincenais, segundo o reparto asignado polo persoal técnico de Servizos Sociais, seguindo unha distribución racional das necesidades alimenticias das familias.

O contido de cada un dos distintos bonos é pechado e está recollido nos anexos do presente regulamento, agás naquelas situacións que baixo prescripción médica ou por razóns doutra natureza, debidamente xustificada e acreditada, o bono de alimentos será adaptado, por parte da entidade que os subministre, seguindo as instrucións do persoal técnico de Servizos Sociais.

Artigo 17.

Os bonos de alimentos clasificaranse nas modalidades que a continuación se relacionan, dependendo do número de persoas que integren a unidade familiar:

- a) Bono A: dirixido a unidades familiares de 5 ou mais membros.
- b) Bono B: dirixidos a unidades familiares de 3 ou 4 membros.
- c) Bono C: dirixidos a unidades familiares de 1 ou 2 membros.

d) Bono lactante: dirixidos a aquelas unidades familiares que teñan menores ao seu cargo con idades comprendidas de entre 0 a 3 anos ou ben menores que polas súas condicións de saúde, precisen dalgún dos produtos que contén dito bono.

Artigo 18.

Os bonos, A, B e C poderán ser acumulativos aos de lactante cando na unidade de convivencia existan menores con idades entres os 0 e 3 anos. Porén, estes menores non computarán no número de membros da unidade familiar cando se compatibilizan ambos bonos, agás cando solo fagan uso dos cueiros no bono lactante, suposto no que si que poderán computarse.

Artigo 19.

Ademais dos requisitos xerais deberánse cumprir os seguintes requisitos específicos:

- Seguir as indicacións dadas desde o Departamento de Servizos Sociais para beneficiarse mensualmente dos bonos, de acordo o procedemento establecido para acceder a dita prestación.
- Non superar o límite de ingresos mensual establecido para estas axudas, unha vez descontados os gastos polo aluguer ou o pagamento da hipoteca da vivenda habitual nun máximo de 400 €.

Artigo 20.

O límite de ingresos mensual será o mesmo que o utilizado para acceder á renda de integración social de Galicia recollida na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. (O 100% do subsidio básico: 399,38) unha vez descontados os gastos adicados ao mantemento da vivenda habitual como se recolle no artigo anterior.

Membros unidade familiar	100% Subsidio básico
1	399,38 €
2	473,93 €
3	537,83 €
4	591,08 €
5	644,33 €
6	697,58 €
7	718,88 €

Artigo 21.

Inicialmente a concesión dos bonos de alimentos A, B ou C será por un período de tres meses.

Excepcionalmente e de forma extraordinaria poderase prorrogar por tres meses mais como máximo, sempre e cando concorran circunstancias excepcionais a xuízo do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais. A dita excepcionalidade deberá quedar claramente acreditada nun informe de valoración, que complemente ao elaborado inicialmente para a concesión, que explique de forma pormenorizada os motivos aos que se debe.

Unha vez esgotado o período máximo de concesión non poderán ser beneficiarios de novo ata pasado un período mínimo de seis meses.

O bono de lactante poderán prolongarse ata que o/a menor ou menores que motivan a concesión deste bono continúe a precisar dos produtos que o integran, principalmente os relacionados coa súa alimentación. Non obstante, trimestralmente, procederase de oficio a revisar as causas que deron lugar a concesión.

As persoas beneficiarias dos bonos de alimentos teñen a obriga de comunicar calquera cambio que se produza na súa situación socioeconómica para os efectos de ser valorada polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais e poder determinar así, se seguen a reunir os requisitos necesarios para ser beneficiarias de esta prestación.

Artigo 22.

Paralelamente á concesión dos bonos farase entrega dun dossier informativo sobre alimentación, para traballar de forma paralela hábitos de alimentación e de vida saudables. Tamén se organizarán sesións informativas sobre este tema, aos que deberán acudir as persoas beneficiarias dos bonos de alimentos cando se valore necesario por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

TÍTULO TERCEIRO: DOS BONOS DE FARMACIA**Artigo 23.**

A prestación de bonos de farmacia consiste na subvención por parte do Concello de Oleiros do importe que lle corresponde asumir, á persoa solicitante, no custo das medicacións que, pautadas polo seu médico de cabeceira ou especialista, precisa en tratamentos médicos continuos de enfermidades crónicas.

Unicamente concederáse esta prestación naqueles supostos nos que o custo das medicacións que precisa a persoa solicitante non os poida asumir por atoparse nunha precaria situación económica e non ter outro medio de obtelas gratuitamente.

Artigo 24.

O contido dos bonos será única e exclusivamente daquelas medicacións nas que exista unha receita por parte dun médico do sistema público de saúde.

Naqueles casos que se trate de medicacións non cubertas polo sistema sanitario público deberá achegarse un informe médico no que se prescriba a dita medicación e o motivo polo que se prescribe.

Sempre que sexa posible proporcionaranse medicamentos xenéricos.

Os datos da receita ou os do informe médico deberán corresponderse cos da persoa beneficiaria da prestación de bonos de farmacia.

Non se inclúen nos bonos da farmacia as vacinas infantís, os produtos de beleza e estética, os complexos vitamínicos..., agás que as enfermidades e diagnósticos da persoa beneficiaria así o xustifiquen.

Artigo 25.

Ademais dos requisitos xerais deberanse cumprir os seguintes requisitos específicos:

- Seguir as indicacións dadas desde o Departamento de Servizos Sociais para beneficiarse dos bonos de farmacia, de acordo ao procedemento establecido para acceder á dita prestación.
- Non superar o límite de ingresos mensuais establecido para estas axudas, unha vez descontados os gastos polo aluguer ou o pagamento da hipoteca da vivenda habitual nun máximo de 400 €.

Artigo 26.

O límite de ingresos mensual será o 70% do límite utilizado para acceder á renda de integración social de Galicia recollida na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. (O 70% do subsidio Básico: 399,38), unha vez descontados os gastos adicados ao mantemento da vivenda habitual como se recolle no artigo anterior.

Membros unidade familiar	70% Subsidio básico
1	279,57 €
2	331,75 €
3	376,48 €
4	413,76 €
5	451,03 €
6	488,31 €
7	503,22 €

Artigo 27.

Só terá dereito á prestación de bonos de farmacia a persoa solicitante. Naqueles supostos nos que exista máis dunha persoa beneficiaria na unidade familiar deberán recollese, na resolución de concesión, as persoas beneficiarias.

A duración da prestación de bonos de farmacia será mentres persistan as causas que deron lugar á concesión e á situación de precariedade, que se revisará de oficio periódicamente.

TÍTULO CUARTO: DA PRESTACIÓN DE APOIO Á ESCOLARIZACIÓN

Artigo 28.

As prestacións de apoio a escolarización, son axudas económicas non periódicas de pagamento único e con carácter finalista, co fin de axudar a cubrir os gastos extraordinarios que supón nunha familia o inicio do curso escolar.

Para o efecto de xustificar o pagamento de esta prestación aceptaranse facturas polos seguintes conceptos:

- Material escolar (libros de texto, mochilas, cadernos, bolígrafos...).
- Roupas e calzado para os alumnos.
- Pagamentos extraordinarios relacionados coa escolarización (cotas de material nas ANPAS, equipamento ou material específicos da formación académica cursada...).

Artigo 29.

Serán beneficiarias aquelas unidades familiares coa renda per cápita máis baixa, ata esgotar o orzamento previsto, unha vez calculados os seus ingresos de acordo coa documentación requirida.

Artigo 30.

Para o cálculo da renda per cápita anual computaranse como ingresos da unidade familiar todos aqueles ingresos netos que existan na unidade familiar en concepto de rendas, retribucións, pensión, prestacións... agás aqueles que teñan un carácter extraordinario e puntual e a prestación familiar por fillo menores de 18 anos a cargo da Seguridade Social.

O límite de ingresos para acceder a estas prestacións se publicará na convocatoria anual que se faga para a súa concesión.

Artigo 31.

Ademais dos requisitos xerais deberánse cumprir os seguintes requisitos específicos:

- O alumnado deberá estar escolarizado nun centro público ou concertado do Concello de Oleiros. Poderase eximir deste requisito cando se considere que está xustificada a escolarización nun centro de fóra do termo municipal por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.
- O alumnado deberán convivir cos seus pais, tutores legais ou acolletores. Nos supostos de separación dos pais poderá solicitar esta prestación o proxenitor que teña a garda e custodia do/s menor/es e conviva efectivamente con eles.

Artigo 32.

Poderase solicitar unha prestación de apoio á escolarización por cada alumno/a da unidade familiar escolarizado no 2.º ciclo de educación infantil, en educación primaria, en educación secundaria obrigatoria, en bacharelato ou en ciclos formativos similares.

Artigo 33.

A contía da prestación de apoio á escolarización variará en función da etapa escolar na que se atope o/a menor beneficiario/a.

- Bacharelato ou ciclo formativo equivalente: 95 €
- ESO ou ciclo formativo equivalente: 85 €
- Primaria: 75 €
- 2.º ciclo de Infantil: 65 €

Artigo 34.

O procedemento para a concesión desta prestación será o seguinte:

- Convocatoria pública ditada por resolución do/a concelleiro/a responsable en materia de Servizos Sociais que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Nesta convocatoria establecerase un límite de ingresos da unidade de convivencia para ter a posibilidade de solicitar as ditas axudas. Esta convocatoria realizarase a finais do curso escolar anterior ao que se van a conceder as axudas.
- Presentación das solicitudes no prazo establecido na convocatoria, xunto coa documentación necesaria para poder determinar a renda per cápita da unidade familiar, tal e como se recolle no artigo 5 do presente regulamento, e o xustificante de escolarización do alumnado.

- No suposto de faltar algunha documentación se lles requirirá mediante a publicación dunha listaxe provisional, para que no prazo de dez días, desde a súa publicación, achegue a documentación necesaria para completar a solicitude.
- Calcularase a renda per cápita daquelas unidades familiares que acheguen a documentación completa no prazo establecido e elaborarse unha listaxe de menor a maior de todas elas.
- Ditarase unha orde de resolución de concesión das ditas prestacións por parte da concellería competente na que se recollan todos/as alumnos/as con dereito á dita prestación en función da renda per cápita ata esgotar o orzamento previsto para ese ano.
- O pagamento de estas prestacións farase desde a intervención municipal mediante cheques nominativos a nome da persoa solicitante, no prazo máximo de 20 días desde que se dite a resolución da concesión.
- No prazo dun mes desde que a persoa beneficiaria recolla o cheque, deberá achegar unha factura xustificativa conforme a prestación de apoio a escolarización foi utilizada para os fins que se concedeu. Naqueles supostos nos que non se achegue esta documentación xustificativa iniciárase un procedemento de devolución e restitíraselle o acceso a estas prestacións ata que reintegre a contía non xustificada debidamente.

TÍTULO QUINTO: REDUCCIÓN NOS PREZOS PÚBLICOS DE ACTIVIDADES MUNICIPAIS

Artigo 35.

Nalgunha das actividades municipais organizadas polo Concello de Oleiros, especialmente as de carácter social, cultural, deportivo, educativo, de lecer e tempo libre... está prevista unha redución no prezo público para aquelas familias que presenten un informe do Departamento de Servizos Sociais. Co fin de obxectivar que unidades familiares poderán ser obxecto desa redución establécese que só se elaborará o correspondente informe para aquelas unidades familiares que se atopen nalgunha destas dúas situacións:

- Unidades familiares coas que se estea a intervir desde o Departamento de Servizos sociais de forma activa no momento da elaboración do informe e que se valore, por parte de persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais, que pola súa situación económica ou familiar sexa necesaria a dita bonificación para acceder á actividade municipal.
- Aquelas unidades familiares que sen estarse a traballar con elas desde o Departamento de Servizos sociais se atopen nunha situación económica igual á necesaria para acceder a unha prestación de emerxencia social municipal. Neste suposto o informe elaborase por parte do/a traballador/a social tras presentar á persoa interesada a solicitude por escrito, xunto coa documentación necesaria para poder valorar a situación económica.

TÍTULO SEXTO: CAMPAÑA DE NADAL

Artigo 36.

Co fin de que os/as nenos/as das familias máis desfavorecidas do concello, sen apoios de familia extensa, teñan un agasallo polo Nadal, dende o Departamento de Servizos Sociais se lles mercan uns agasallos personalizados e adaptados aos gustos, intereses e necesidades de cada un deles. Ditos agasallos poderán ser xoguetes, libros, música, roupa... Os xoguetes terán prioritariamente un carácter educativo. Tamén poderase contemplar de forma extraordinaria como beneficiarias dos agasallos aquelas mulleres e homes soas/sos, con cargas familiares e nunha situación de vulnerabilidade e de soidade, na que o dito agasallo teña un efecto terapéutico e revitalizador do seu estado anímico e emocional.

As familias beneficiarias serán aqueles coas que se esté a traballar de forma directa e habitual con elas dende o Departamento de Servizos Sociais, principalmente dende o programa de Intervención Familiar, e que se atopen nunha precaria situación económica, de acordo ao recollido no presente regulamento para ser beneficiarios das axudas de emerxencia social municipal.

TÍTULO SÉPTIMO: BANCO SOLIDARIO

Artigo 37.

O Banco Solidario nace como unha estrutura que da acollida a varios proxectos dirixidos a cubrir as necesidades, principalmente de alimentación, das persoas que se atopen nunha situación económica desfavorecida. É un proxecto no

que o Voluntariado de Oleiros xoga un importante papel de apoio na súa organización e xestión, así como na captación de recursos. Principalmente existen dúas vías de actuación:

1.–Plan de Axuda as persoas mais desfavorecidas: este programa consiste no reparto de alimentos que se achegan dende outras administracións, ao longo de todo o ano, e coa periodicidade no reparto suxeita a estas contribucións.

2.–Campañas de recollida de produtos: accións puntuais desenvoltas polo Voluntariado de Oleiros, nas que en colaboración coa cidadanía en xeral a través dos centros de ensino, casas do pobo, bibliotecas, piscinas municipais... organizanse campañas solidarias de recollida de produtos de hixiene, de limpeza, de alimentos...

Artigo 38.

As familias beneficiarias serán aqueles coas que se esté a traballar de forma directa e habitual con elas dende o Departamento de Servizos Sociais, principalmente dende o programa de Intervención Familiar, e que se atopen nunha precaria situación económica.

Tamén poderán ser beneficiarias aquelas persoas ou unidades familiares que por causas sobrevenidas se atopen nunha situación de necesidade, sempre e cando os seus ingresos mensuais non superan o 150% do límite de ingresos establecido para acceder á renda de integración social de Galicia, de acordo ao establecido na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia (150% do Subsidio Básico: 399,38 €), unha vez descontados os gastos adicados ao mantemento da vivenda habitual ata nun máximo de 400 € mensuais.

Membros U. Econ.	150% SB
1	598,05
2	710,89
3	876,84
4	886,62
5	966,49
6	1.046,37
7	1.078,32

Non obstante, pese ao recollido neste artigo, o persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais poderá reducir o número de persoas beneficiarias atendendo a criterios obxectivos de necesidade en función dos recursos dos recursos dispoñibles.

Artigo 39.

O persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais organizará os lotes en función da cantidade do produto, do tipo de alimento e do número de membros da unidade familiar. Establecendo tres tipos de lotes como os establecidos no Título Segundo, nos bonos de alimentos.

Disposición derogatoria

O presente regulamento deroga e substitúe o anterior regulamento de medidas contra a exclusión social do Concello de Oleiros e as súas posteriores modificacións.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, agás ao que se refiren aos anexos 1 e 2 referente ao contido dos bonos de alimentos, recollidos no artigo 16 do título segundo do presente regulamento, xa que a posibilidade de entregar eses produtos está condicionada á súa contratación, que non pode facerse ata que esté en vigor o regulamento. No momento en que esté contratado o servizo de prestación de alimentos entrará en vigor o contido destes anexos na data da seguinte entrega mensual á data de formalización do contrato.

ANEXO 1: produtos dos bonos A, B e C

PRODUTO	BONO A (5 ou +)	BONO B (3-4)	BONO C (1-2)
Leite	36 l	24 l	18 l
logures naturais	12	8	6
logures sabores	12	8	6
Margarina	500 g	500 g	250 g
Cacao	1,5 kg	1,5 kg	750 g
Galletas	3 de 800 g	2 de 800 g	800 g
Fariña	2 kg	1 kg	1 kg
Azucres	2 kg	2 kg	1 kg
Oliva	4 l	2 l	1 l
Xirasol	3 l	2 l	1 l
Ovos	3 ducias	2 ducias	1 ducia
Laranxas	3 kg	2 kg	1 kg
Plátanos	3 kg	2 kg	1 kg
Mazás	3 kg	2 kg	1 kg
Peras	3 kg	2 kg	1 kg
Cenouras	2 kg	1 kg	1 kg
Cebolas	3 kg	2 kg	1 kg
Tomates	3 kg	2 kg	1 kg
Porros	2 manoxos	2 manoxos	1 manoxo
Cabacinho	2 kg	1 kg	1 kg
Tomate natural	4 latas de 750 g	3 latas de 750 g	2 latas de 750 g
Patacas	10 kg	6 kg	3 kg
Garavanzos	2 kg	1 kg	500 g
Arroz	2 kg	1 kg	1 kg
Macarróns	2 kg	1 kg	1 kg
Fideos	2 kg	1 kg	1 kg
Fabas	2 kg	1 kg	500 g
Lentellas	1 kg	1 kg	500 g
Espaguetes	2 kg	1 kg	1 kg
Chícharos	2 pack de 3 latas de 120 g	1 pack de 3 latas de 120 g	1 pack de 3 latas de 120 g
Polo	3 polos (1,5 KG)	2 polo (1,5 kg)	1 polo (1,5 kg)
Carne ternera sen oso guisar	2 kg	1 kg	1 kg
Filetes ternera	3 kg	2 kg	1 kg
Lombo porco	3 kg	1 kg	1 kg
Chuletas porco	2 kg	2 kg	1 kg
Queixo en liscos	500 g	300g	200 g
Pavo en liscos	500 g	300 g	200 g
Chourizo en liscos	500 g	300 g	200 g
Xamón cocido	500 g	300g	200 g
Peixe fresco	4 kg	3 kg	2 kg
Atún	5 latas de 125 g	3 latas de 125 g	2 latas de 125 g

ANEXO 2: BONOS LACTANTES

- 2 paquetes de cueiros (mínimo de 70 cueiros cada un).
- 3 botes de leite en po infantil (mínimo de 850 g cada un).
- 3 paquetes de cereais infantís (mínimo de 550 g cada un) (1).

(1) Os cereais serán sen glute ou con glute dependendo da idade do bebé, nestes últimos tamén poderá haber variacións (de arroz, o cereais... segundo as necesidades de cada bebé e as indicacións do/a pediatra de cabeceira).”

OLEIROS, 5 DE MARZO DO 2015.

O ALCALDE

ÁNGEL GARCÍA SEOANE

2015/2648